CA3.4 - Promover o contraste e intercambio de ideas e a práctica dunha cidadanía activa e democrática a través da participación en actividades grupais, en especial o exercicio do diálogo racional, respectuoso, aberto e construtivo sobre cuestións e problemas filosoficamente relevantes, diálogo no que detectar e evitar modos dogmáticos, falaces e nesgados de soste opinións e hipóteses, recoñecendo a importancia da cooperación, o compromiso coa busca da verdade, o respecto á pluralidade e o rexeitamento de toda actitude discriminatoria ou arbitraria, aplicando os devanditos principios á práctica argumentativa e ao diálogo cos demais.	Dialoga intentando argumentar adecuadamente e con actitude tolerante sobre a relación da UD con outros problemas/cuestións doutras disciplinas ou da actualidade.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

**Contidos**

- O feito ético e a razón práctica.
- Separación entre ética, moral e dereito: racionalidade ética, conciencia moral e lexitimidade política.
- Libre albedrío e responsabilidade moral. O determinismo moral como problema.
- A liberdade como condición para o diálogo ético e o xuízo moral.
- Metaética e ética normativa.
- Cognitivismo ético fronte ao emotivismo e o intuicionismo.
- Formalismo ético fronte a materialismo ético.
- Teorías de Aristóteles, Hume, Kant, Sartre, Beauvoir e Butler.
- Universalismo e relativismos éticos.
- Ética do coidado: necesidade de igualdade efectiva de dereitos entre mulleres e homes.
- Éticas aplicadas.
- A valoración das accións á marxe da moral: alén do ben e do mal.
- Problemas éticos actuais.
- A guerra, o terrorismo e outras formas de violencia.
- As desigualdades e a pobreza.
- A discriminación e o respecto polas minorías.
- Problemas ecosociais e medioambientais.
- Os dereitos humanos e a posibilidade dunha ética universal de mínimos: entre a ética e o dereito.
- Orixe, lexitimidade e vixencia.
- Xeracións dos dereitos humanos.
- Os dereitos da infancia.
- Dereitos dos animais.
- O ser humano como animal político.
- Os fundamentos da organización social e do poder político: naturalismo, iusnaturalismo e contractualismo.
- Definición do político: legalidade e lexitimidade.
- Teorías de Agustín, Tomás, Maquiavelo, e contractualismo.
- Os principios políticos fundamentais: igualdade e liberdade; individuo e Estado; traballo, propiedade e distribución da riqueza.
- O debate político contemporáneo: liberalismo, utilitarismo e comunitarismo.
- Cidadanía e Estado de benestar.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Xustiza e democracia.</li> <li>- A xustiza como problema filosófico.</li> <li>- A reflexión filosófica sobre a democracia.</li> <li>- Ideais, utopías e distopías.</li> <li>- Os movementos sociais e políticos.</li> <li>- O feminismo e a perspectiva de xénero.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
7	Ética	13

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Recoñecer a radicalidade e transcendencia dos problemas filosóficos mediante o seu recoñecemento, análise e reformulación en textos e outros medios de expresión, tanto filosóficos como literarios, históricos, científicos, artísticos ou relativos a calquera outro ámbito cultural.	Comprende, analiza, subliña correctamente e/ou parafrasea textos, filosóficos ou non. Diferencia os filosóficos dos que non o son. Sabe relacionar o texto coa UD.		
CA3.2 - Afrontar cuestións e problemas complexos, de carácter fundamental e de actualidade, de modo interdisciplinario, sistemático e creativo, utilizando conceptos, ideas e procedementos provenientes de distintos campos do saber, e orientándoos e articulándoos criticamente desde unha perspectiva filosófica.	É quen de recoñecer en filmes a doutrina da catarse de Aristóteles. Coñece a semellanza entre a teoría da arte de Kant e o Romanticismo, ou incluso con Rimbaud. Recoñece a pervivencia da arte imitativa en autores figurativos realistas ou hiperrealistas.		
CA3.3 - Demostrar un coñecemento práctico dos procedementos elementais da investigación filosófica e desenvolver unha actitude indagadora, autónoma e activa no ámbito da reflexión filosófica, a través de tarefas como a identificación de fontes fiables, a procura eficiente e segura de información, e a correcta organización, deseño, análise, interpretación, avaliación, produción e comunicación desta, tanto dixitalmente como a través de medios máis tradicionais en forma de produtos orixinais, tales como traballos de investigación, disertacións, comentarios de texto ou outros discursos argumentativos, orais e escritos, sobre cuestións e problemas filosóficos, demostrando un uso correcto de normas e pautas lóxicas, retóricas e argumentativas.	Utiliza a rede, na aula ou fóra dela, para tarefas ou traballos breves escritos, coa orientación do docente, coa finalidade de relacionar a UD 3 con outras fontes de información.	PE	99



Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.5 - Adquirir e demostrar un coñecemento significativo das ideas e teorías filosóficas sobre o ser humano, o fundamento, valor e sentido da súa existencia e a súa realidade, dalgunhas das máis importantes pensadoras e pensadores da historia, mediante a aplicación e a análise crítica daquelas no contexto da práctica individual ou colectiva da indagación filosófica.	Sabe que é unha experiencia artística e a noción de actitude desinteresada de Kant. Coñece as teorías de Aristóteles, Kant (e Romanticismo), Heidegger e a obra artística, a noción da morte da arte e a de "mundo da arte" de Danto. Coñece a relación entre arte e mercado hoxe, e as consecuencias.		
CA3.7 - Desenvolver a sensibilidade e a comprensión crítica da arte e outras manifestacións e actividades con valor estético mediante o exercicio do pensamento filosófico sobre a beleza e a creación artística, contribuíndo así á educación dos sentimentos e ao desenvolvemento dunha actitude reflexiva con respecto á linguaxe e sentido das imaxes, e xerando un adecuado equilibrio entre o aspecto racional e emotivo na consideración destes problemas filosóficos do ámbito da estética, a través da reflexión expresa arredor da arte, e doutras actividades ou experiencias con valor estético, e a análise do papel das imaxes e a linguaxe audiovisual na cultura contemporánea.	Sabe que a obra de arte transmite ou intenta transmitir algo ao espectador, e que isto ten relación co que todo o curso levamos denominando linguaxe non conceptual, senón simbólica. Que a linguaxe conceptual non esgota as posibilidades expresivas/comunicativas dos humanos.		
CA3.4 - Promover o contraste e intercambio de ideas e a práctica dunha cidadanía activa e democrática a través da participación en actividades grupais, en especial o exercicio do diálogo racional, respectuoso, aberto e construtivo sobre cuestións e problemas filosoficamente relevantes, diálogo no que detectar e evitar modos dogmáticos, falaces e nesgados de soste opinións e hipóteses, recoñecendo a importancia da cooperación, o compromiso coa busca da verdade, o respecto á pluralidade e o rexeitamento de toda actitude discriminatoria ou arbitraria, aplicando os devanditos principios á práctica argumentativa e ao diálogo cos demais.	Dialoga intentando argumentar adecuadamente e con actitude tolerante sobre a relación da UD con outros problemas/cuestións doutras disciplinas ou da actualidade.	TI	1

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Definición, ámbitos e problemas da estética: arte, beleza e gusto.</li> <li>- Teorías sobre a beleza e a arte.</li> <li>- Teorías clásicas e modernas sobre a beleza e a arte.</li> <li>- Actitude desinteresada e experiencia estética. Teorías de Aristóteles, Kant e romanticismo.</li> <li>- Teorías e problemas estéticos contemporáneos.</li> <li>- Obra de arte e Heidegger. Danto e a morte da arte. Mercado e arte.</li> <li>- A relación do estético con outros ámbitos da cultura: a reflexión sobre a imaxe e a cultura audiovisual.</li> <li>- A estética e as súas implicacións filosóficas coa ética e a política.</li> </ul>

Contidos
- Ética e estética. - O papel político da arte.

UD	Título da UD	Duración
8	Filosofía da arte	13

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Recoñecer a radicalidade e transcendencia dos problemas filosóficos mediante o seu recoñecemento, análise e reformulación en textos e outros medios de expresión, tanto filosóficos como literarios, históricos, científicos, artísticos ou relativos a calquera outro ámbito cultural.	Comprende, analiza, subliña correctamente e/ou parafrasea textos, filosóficos ou non. Diferencia os filosóficos dos que non o son. Sabe relacionar o texto coa UD.	PE	99
CA2.2 - Afrontar cuestións e problemas complexos, de carácter fundamental e de actualidade, de modo interdisciplinario, sistemático e creativo, utilizando conceptos, ideas e procedementos provenientes de distintos campos do saber, e orientándoos e articulándoos criticamente desde unha perspectiva filosófica.	Pon vontade en debuxar certos motivos propostos polo docente para mellor comprender, intuitivamente, o sentido do "panta rhei" grego e a problemática relación entre logos (palabra, razón) e realidade . Tamén pode facerse coa busca e lectura de determinados poemas ou cancións propostos polo docente.		
CA2.3 - Demostrar un coñecemento práctico dos procedementos elementais da investigación filosófica e desenvolver unha actitude indagadora, autónoma e activa no ámbito da reflexión filosófica, a través de tarefas como a identificación de fontes fiables, a procura eficiente e segura de información, e a correcta organización, deseño, análise, interpretación, avaliación, produción e comunicación desta, tanto dixitalmente como a través de medios máis tradicionais en forma de produtos orixinais, tales como traballos de investigación, disertacións, comentarios de texto ou outros discursos argumentativos, orais e escritos sobre cuestións e problemas filosóficos, demostrando un uso correcto de normas e pautas lóxicas, retóricas e argumentativas.	Utiliza a rede, na aula ou fóra dela, para tarefas ou traballos breves escritos, coa orientación do docente, coa finalidade de relacionar a UD 3 con outras fontes de información.		
CA2.5 - Tomar consciencia da riqueza e influencia do pensamento filosófico sobre a realidade e a existencia, e outros problemas metafísicos, identificando e analizando as principais ideas e teorías filosóficas en textos ou documentos pertencentes a ámbitos culturais diversos, así como poñéndoas en relación con experiencias, accións ou acontecementos comúns e de actualidade.	Coñece o "panta rhei" e relación co logos, e os principios de comprensión e crueldade do ser. E as filosofías metafísica e trágica. E o que estas e a relación din sobre o "sentido" do mundo e a existencia humana, desde unha perspectiva actual e histórica.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.6 - Abordar desde distintas perspectivas e disciplinas o problema filosófico do coñecemento en xeral e do coñecemento científico e tecnolóxico en particular, identificando e analizando de xeito crítico, complexo e rigoroso as ideas e teorías filosóficas que algunhas das máis importantes pensadoras e pensadores da historia propuxeron para interpretalo, a través da análise comparativa dos argumentos, principios, metodoloxías e enfoques das devanditas teses e teorías.	Sabe relacionar e diferenciar as actitudes das filosofías metafísica e tráxica das crenzas e actitudes relixiosas. O mesmo ante o problema do (suposto) sentido da existencia do mundo, da humanidade e do individuo humano.		
CA2.4 - Promover o contraste e intercambio de ideas e a práctica dunha cidadanía activa e democrática a través da participación en actividades grupais, en especial o exercicio do diálogo racional, respectuoso, aberto e construtivo, sobre cuestións e problemas filosoficamente relevantes, diálogo no que detectar e evitar modos dogmáticos, falaces e nesgados de soste opinións e hipóteses, recoñecendo a importancia da cooperación, o compromiso coa busca da verdade, o respecto á pluralidade e o rexeitamento de toda actitude discriminatoria ou arbitraria, aplicando os devanditos principios á práctica argumentativa e ao diálogo cos demais.	Dialoga intentando argumentar adecuadamente e con actitude tolerante sobre a relación da UD con outros problemas/cuestións doutras disciplinas ou da actualidade.	TI	1

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- O problema filosófico do coñecemento.</li> <li>- Definición, posibilidade e límites do coñecemento.</li> <li>- A teoría do coñecemento: racionalismo, empirismo e outras teorías.</li> <li>- A verdade como obxectivo do coñecemento.</li> <li>- As teorías da verdade.</li> <li>- O problema metafísico do real.</li> <li>- Unidade e pluralidade.</li> <li>- Categorías e modos de ser.</li> <li>- Entidades físicas e obxectos ideais: o problema dos universais.</li> <li>- O problema filosófico do tempo e do cambio.</li> <li>- Os problemas da comprensión e crueldade do ser, e as filosofías metafísica e tráxica.</li> <li>- O problema mente-corpo desde a Idade Moderna á intelixencia artificial.</li> <li>- O problema do determinismo. Necesidade, azar e liberdade.</li> <li>- O problema filosófico da existencia de Deus.</li> <li>- Teísmo, ateísmo e agnosticismo.</li> </ul>

## Contidos

- O problema do sentido da existencia, a relixión, a metafísica e a filosofía tráxica.

### 4.1. Concrecións metodolóxicas

A exposición e explicación de cada UD consistirá nunha panorámica breve do conxunto dela precedida por cuestións na aula que abran un diálogo entre alumnos e profesor sobre os contidos (pre-conceptos), exposición/explicación dos tópicos da mesma, lectura e comentario de textos na aula, comentarios de textos individuais, proxección na pizarra dixital de gráficos, mapas, imaxes fixas e fragmentos de documentais ou películas, actividades na aula (debates, actividades escritas) e fóra da aula (traballos, actividades, individuais ou non) e probas escritas. No referente aos criterios xerais de avaliación, podemos especificar o que segue:

- Recoller e integrar información a través dos diversos medios acerca dos problemas, conceptos e teorías específicos propostos para cada UD.
- Caracterizar, identificar e expoñer, tanto de forma oral como escrita, os problemas, conceptos e teorías propostos e desenvoltos en cada un das UD.
- Ler, analizar e comentar tanto oralmente como por escrito textos referidos aos problemas e nocións abordados.
- Debater e argumentar acerca das cuestións máis problemáticas suscitadas polas UD, fundamentalmente os éticos e políticos.
- Utilizar un vocabulario técnico específico tanto nas argumentacións como nas exposicións orais e escritas.
- Saber expresarse adecuadamente por escrito, con frases coordinadas, signos de puntuación ben utilizados, acentuación das palabras, vocabulario ben escollido e rigoroso e boa presentación.
- Transferir e aplicar as nocións, conceptos e teorías incorporadas á análise da vida real e do propio contorno.
- Saber localizar e comprender aos autores, escolas, feitos relevantes e ideas no seu marco histórico, utilizando referencias cronolóxicas adecuadas.
- Ter tamén en conta a participación e colaboración do estudante na aula, o traballo desenvolvido nesta.

### 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Aula virtual
Cada UD, en arquivo en pdf, elaborado polo docente e colgado na AV
Material diverso fotocopiado e distribuído polo docente: gráficos, fichas, fichas de reforzo, textos, etc.
PC na aula e canón, para ver diapositivas, imaxes fixas, imaxes móbiles, etc. (Queremos destacar a importancia que a imaxe en xeral, e a fixa en particular, ten no noso xeito de entender as explicacións, diapositivas incluídas).
Libros de lectura voluntaria (novelas, contos e ensaios), entre outros, de Savater, Azúa, William Golding, Sartre, Maquiavelo, Camille Paglia, Primo Levi, Chéjov, Cortázar, etc.).

Libro de texto Oxford Geniox pro

Libro de texto de Oxford Geniox pro y apuntamentos de clase son a base do material didáctico, podendo engadir fragmentos de películas, libros, música, etc.

### 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A principio de curso, dentro dos primeiros quince días, realizaremos unha breve proba escrita na que o docente lerá un texto, un relato ou unha noticia relacionado directa ou indirectamente coa filosofía. A continuación os estudantes deberán responder a unha ou varias preguntas, nun tempo limitado non máis alá de dez ou quince minutos.

Prestaremos atención sobre todo á capacidade de atención do estudante, así como á súa capacidade para expresarse por escrito e, tamén, comprobar a súa familiaridade con certos conceptos filosóficos ou relacionados indirectamente coa filosofía.

Para avaliar faremos uso dunha táboa de indicadores

### 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

#### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	Total
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>13</b>	<b>13</b>	<b>12</b>	<b>12</b>	<b>13</b>	<b>13</b>	<b>12</b>	<b>12</b>	<b>100</b>
<b>Proba escrita</b>	89	89	99	99	98	99	99	99	<b>96</b>
<b>Táboa de indicadores</b>	11	11	1	1	2	1	1	1	<b>4</b>

#### Criterios de cualificación:

70% probas escritas

20% traballo dentro e fora da aula

10% participación en clase

10% adicional pola lectura dun libro previamente acordado co docente e máis as actividades relevantes que o docente considere.

Para aprobar o alumnado deb obter un 5 ou máis.

A copia ou engano nunha proba escrita (ou en calquera tipo de proba ou traballo) implica o suspenso nesa proba con cero puntos. Ter móbiles prendidos e aparatos electrónicos similares na aula nunha proba escrita ou non escrita, significará o suspenso inmediato con cero puntos na mesma.

#### Criterios de recuperación:

Ao comezo do segundo e tercer haberá un exame de recuperación do trimestre anterior.

Ao final de curso o estudante coa materia sen aprobar pode presentarse á recuperación final extraordinaria, mais non necesariamente significará examinarse de todas as UD: só de aquelas que permitan lograr o aprobado. Esa recuperación final consistirá en varias cuestións de diferentes UD e será cualificada de cero a dez puntos se ten que recuperar toda a materia. Se bastase con aprobar unha, dúas ou tres UD, pode facer unha proba cualificada de cero a dez puntos con varias cuestións sobre esa ou cada un desas UD. Ninguén pode presentarse a UD illadas se non ten como mínimo aprobadas tres ao longo do curso, independentemente de calquera outra circunstancia.

A proba extraordinaria de xullo (antes setembro) consistirá nunha proba escrita cualificada de cero a dez puntos con varias cuestións sobre diferentes UD vistas ao longo do curso.

Para aprobar calquera destas recuperacións a calificación do examen debe ser 5 ou maior.

A copia ou engano nunha proba escrita (ou en calquera tipo de proba ou traballo) implica o suspenso nesa proba con cero puntos. Ter móbiles prendidos e aparatos electrónicos similares na aula nunha proba escrita ou non escrita, significará o suspenso inmediato con cero puntos na mesma.

### **5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes**

O alumnado coa materia pendente deberá facer un exame de recuperación de contidos mínimos. A asignatura será aprobada se se obtén un 5 ou máis neste proba.

## **6. Medidas de atención á diversidade**

As medidas de atención a diversidade son actuacións destinadas a responder ás necesidades educativas do alumnado Na avaliación previa e en coordinación coa xunta de avaliación e o Departamento de Orientación teranse en conta estas medidas, caso de ser necesario:

I. Ordinarias: adecuación do currículo sen alteracións significativas dos obxectivos, contidos e criterios de avaliación. Responden ás diferenzas en competencias, motivación, estratexias, estilos e ritmos de aprendizaxe. Vexamos:

- 1) Adaptación da xestión da aula as características concretas da aula, favorecendo o acceso aos recursos e a convivencia.
- 2) Adecuación da programación ao alumnado e circunstancias do seu contorno. Despois de identificar as barreiras (accesibilidade física, sensorial, cognitiva e emocional) deseñaranse actividades para que as aprendizaxes sexan posibles.
- 3) Métodos baseados no traballo en grupos heteroxéneos, tutoría entre iguais, aprendizaxes por proxectos.
- 4) Adaptación dos tempos, instrumentos e procedementos de avaliación ás circunstancias do estudante (forma de comunicación co alumnado, secuenciación de tarefas, verificación da comprensión das tarefas, dispoñibilidade dos recursos tecnolóxicos, concesión do tempo necesario). Aplicaranse as propostas elaboradas pola Consellería.
- 5) Aulas de atención educativa e convivencia. Se fora preciso derivar alumnado, o profesorado proporcionará as tarefas que debe realizar.
- 6) Posta en práctica de reforzo tan pronto como se detecten dificultades no progreso do alumnado.
- 7) Programas de enriquecemento curricular para o alumnado que presenta altas capacidades intelectuais.

II. Extraordinarias: pensadas para atender necesidade específicas de apoio que requiren modificacións significativas do currículo ou supoñan unha modificación organizativa, ou ben do modo de acceder ao currículo ou da modalidade de escolarización. Serán aplicadas cando as ordinarias sexan insuficientes ou estean esgotadas. Son casos nos que hai barreiras significativas para conseguir os obxectivos da aprendizaxe axeitadas ao seu desenvolvemento (atraso madurativo, trastornos do desenvolvemento relacionados coa linguaxe e/ou comunicación, descoñecemento da lingua de aprendizaxe, vulnerabilidade socioeducativa ou polas altas capacidades, etc.):

- 1) Flexibilización da duración do período de escolarización na etapa de bacharelato. Dirixido a alumnado con altas capacidades intelectuais ou alumnado con necesidades educativas especiais.
- 2) Atención educativa ao alumnado que presenta dificultades para unha asistencia continuada ao centro. O docente coordinado polo titor e co asesoramento do Departamento de Orientación, elaborará unha proposta de actividades

educativas empregando medios telemáticos para a entrega, seguimento e avaliación, e adoptará medidas que promovan a súa inclusión.

En colaboración co titor e o Departamento de Orientación farase unha planificación de actuacións para o axuste dos procesos de ensino e aprendizaxe. A avaliación inicial permitirá adaptar as ensinanzas ao alumnado e facilitar a debida progresión na súa aprendizaxe.

No proceso de avaliación promoverase o uso de instrumentos de avaliación variados, diversos, flexibles e adaptados ás distintas situacións de aprendizaxe que permitan a valoración obxectiva do alumnado e garantan que as condicións de realización dos procesos asociados á avaliación se adapten ás necesidades do alumnado con necesidade específica de apoio educativo. Propóranse medidas de reforzo individualizadas mediante lecturas, vídeos e outros materiais complementarios para alumnado que presente dificultades coas competencias básicas. Todos eles dispoñibles a través da aula virtual.

Propóranse diferentes medios para a presentación das tarefas que se adapten mellor a cada un dos estudanes. Así en cada unidade serán de elección tarefas que propoñen formas de realización adaptadas a cada unha destas intelixencias (infografías, cómics, videopresentacións, textos...)

Para os alumnos con Necesidades Específicas de Apoio Educativo serán pensadas actividades en cada unha das unidades didácticas (enunciados curtos, unir, completar, ordenar, sinalar...), así como probas escritas adaptadas ás súas características específicas. Estas probas, se ben presentarán os mesmos contidos en concordancia cos criterios de avaliación, estarán formuladas de xeito máis directo e compostas por cuestións análogas ás anteriormente comentadas.

Por outra parte, tamén actividades de ampliación para alumnado que presente un maior ritmo na aprendizaxe, actividades motivadoras máis alá dos xa afianzados mínimos da materia, así como a interrelación dos diferentes contidos.

### 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Uso axeitado da linguaxe	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Coñecemento básico das TIC	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Capacidade de síntese	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Dominio das habilidades básicas de investigación	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Comprensión lectora	X	X	X	X	X	X	X	X

**Observacións:**

Esta materia é un bo medio para a consecución dos elementos transversais propostos na lexislación, como se pode ver en todos os elementos desta programación: Os nove elementos transversais están presentes en todas as UD: a educación baseada nos valores democráticos, respectuosos coa diversidade e consciente das discriminacións; a lectura de textos, e a argumentación escrita e oral; o uso das TIC con orientacións do docente; fomento da igualdade, a educación para a saúde, a formación estética, o respecto mutuo e a cooperación entre iguais, etc.; resolución pacífica de conflitos, os valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos DD HH e o rexentamento do terrorismo, a pluralidade, o respecto polo Estado de Dereito, o respecto e a consideración polas vítimas do terrorismo, etc.; evítanse todo tipo de discriminación relacionada co xénero ou a orientación sexual.

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Conferencias /ou exposicións de interese para o alumnado relacionadas coa filosofía	Asistencia ás mesmas e posterior diálogo na aula sobre elas.	X	X	X

### Observacións:

O Departamento de Filosofía colaborará na medida que sexa posible coas actividades complementarias propostas polo instituto e os distintos departamentos.

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
1.Temporalización aceptable? INSUFICIENTE/BASTANTE/BO/MOI BO/"Observacións"
4. Abarcáronse todos os Mínimos de Consecución? (Ídem)
Metodoloxía empregada
3. Instrumentos de avaliación efectivos? (Mesmos graos, etc.).
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
2. Materiais apropiados? (Mesmos graos de consecución que en 1).
6. Uso efectivo das TIC? (Ídem).
Medidas de atención á diversidade
5. Diversidade do alumnado atendida? (Ídem).

### Descrición:

O Departamento de Filosofía debe facer un seguimento do proceso de ensino e a práctica docente, dos obxectivos sinalados na Programación Didáctica, comprobando ata que punto se observan ou non son conseguidos.

Para iso hai tres momentos destacables no curso: 1) o final do primeiro trimestre; 2) o final do segundo trimestre,



momento clave no devir do curso; 3) e xuño, co curso xa rematado e no momento de elaboración da Memoria do Departamento, de reflexión e de revisión dos puntos da Programación que definitivamente deben ser modificados buscando unha mellora para o seguinte curso.

Para poder facer máis facilmente ese seguimento e revisión, teremos presente esta táboa onde poder valorar a nosa Programación Didáctica atendendo aos seguintes puntos e aplicada ás diferentes materias e niveis do Departamento e, por suposto, desta materia que agora nos ocupa, Filosofía de primeiro de bacharelato.

#### GRAO DE CONSECUCIÓN

Insuficiente

Bastante

Bo

Moi bo

#### OBSERVACIÓNS

#### INDICADORES DE LOGRO:

1. Temporalización aceptable?
2. Materiais apropiados?
3. Instrumentos de avaliación efectivos?
4. Abarcáronse todos os Mínimos de Consecución?
5. Diversidade do alumnado atendida?
6. Uso efectivo das TIC?

Ademais, sería recomendable facer unha enquisa ao alumnado de cada grupo e materia ao longo do trimestre II que permitira a este valorar de forma anónima a práctica docente co fin de mellorar esta, especialmente nas materias de bacharelato.

Todas estas medidas (táboa, Memoria, contraste de resultados, en definitiva) están orientadas á modificación e mellora da Programación de cara ao seguinte curso.

## 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Faremos un seguimento trimestre a trimestre como se indica no elemento anterior sobre Práctica Docente, e tendo en conta os indicadores explicitados tamén nese elemento anterior

En base a iso, faremos os necesarios cambios ou modificacións, pero tamén propostas de mellora e concreción das propostas de mellora de cara ao seguinte curso académico., o que debe constar na Memoria de final de curso e na seguinte Programación Didáctica, como xa consta na deste ano xa presentada en setembro e referida aos cursos pares/LOMCE.

## 9. Outros apartados